

PEDRA POÉTICA DE MIL FACETAS

*Velaí como despois
de tanto amar, de tanto chorar, de tanto sangue meu
derramado en testemuño de dor,
agora neste intre
-jah, si, son un poeta puro!-
regreso á miña torre de marfil de antano.*

“Oda do regreso e a promesa”

Despois de corenta anos de traballo, o poeta volta á “*torre de marfil*” para reencontrarse co que foi acumulando ó longo deste tempo: experiencias, pesares e sentimentos que alicerzaron o seu corpus. Alí moran as palabras espidas e sinxelas coas que Arcadio López-Casanova nos fixo partícipes dun mundo propio no que entramos a través dos sete poemarios que verían a luz no período que vai de 1965 (*Sonetos da esperanza presentida*) ata 1994 (ano da edición de *Noite do degaro*, última obra que deu ó prelo ata o momento). E agora, como testemuño desa volta do eu ó espacio máis íntimo, contamos con *Do tempo posuído*, un volume antolóxico onde o autor trata “*de recoller o pranto, a compartida / palabra que vos dín ata o de agora*”-tal e como escribe no poema que serve de colofón ó libro- para regalarnos canto era seu e agora xa é de noso. Con todo, e malia o seu carácter de recompilatorio, este volume representa, para alén dunha obra antolóxica, unha “*relectura viva*” do corpus de López-Casanova, tal e como afirma Claudio Rodríguez Fer no “Prólogo” que precede ós textos, xa que este é, segundo o prologuista, “*un conxunto revivido que se nos ofrece como un todo nunca visto e polo tanto novo*”. En efecto, non estamos perante unha antoloxía á *la page* senón que agora o autor reordena a súa obra en catro grandes ciclos denominados “*tempo da historia, tempo do exilio, tempo da liturxia e tempo do degaro*” que representan liñas poéticas particulares e nos obrigan, tamén, a relacionar a obra cos avatares persoais do poeta.

“*Tempo da historia*” (1960-67) recolle os poemas máis antigos de Arcadio López-Casanova, un autor que se inicia no xénero lírico nos anos sesenta e se vai ver influído, neste primeiro momento, polo socialrealismo dominante nesa época. Así, o cualificativo que mellor lle acae a estes textos é o de poesía cívica, comprometida e fondamente desesperada polas circunstancias históricas que abafan, ou oprimiron no pasado, á Terra. Trátase de darlle voz ós que “*Nunca tivemos nada, nunca/ tivemos nada, nada, nada*”; os desposuídos mesmo da súa raíz, os exiliados da luz que carecen de calquera posesión e se ven representados nun poeta “*agora sen palabra, /*

sen voz de todos e sen vida, / sen canto novo que nos salva". Neste grupo de textos aparece sempre a figura dunha Galicia muda que debe converterse xa nesa "*patria presentida*" -reiterada en varios poemas- para a que se agarda un futuro mellor que o presente de medo e represión que soporta. Así, o poeta atópase cos que o precederon na construción deste ideal, as grandes voces da nosa literatura que reciben a homenaxe sentida, a ladaíña de amor, de quen se recoñece no seu ronsel e se sente un elo máis na cadea.

Abandonada xa a veta cívica e de denuncia que primara nestes seus primeiros textos, López-Casanova inicia, por volta de 1968 a 1976, o que será o segundo ciclo temático esencial na súa poesía e que denomina como "*Tempo de exilio*". Desta volta, os poemas -a meirande parte deles procedentes de *Mesteres*- xiran arredor do tema do regreso -"*Hospicio prega / quen tanto tempo despois ó canto volve*"- e da necesidade que o eu sente de conciliar a súa lembranza pasada (vista cos ollos adolescentes) coa realidade actual que percibe a través dunha mirada de vello exiliado. O ton acedo vaise acentuando conforme o ser se sente ferido pola fría acollida que se lle depara e, mentres suplica piedade, agrándase nel o exilio interior da derrota que implica aceptar a perda de todo aquilo que conformaba a súa esperanza de voltar á raíz e perder o carácter de desarraigado. Nada lle queda xa cando aparece unha presenza feminina que o guía lonxe desta terra, ata unha casa onde, eles dous sós, vivirán. Ela é a antagonista dos "Sonetos da vixilia e da desfeita" que pechan este segundo gran apartado temático. Trátase de dez textos onde se pon de manifesto a resignación dun eu poético que se sente máis próximo xa á noite e á noite do que á luz mentres se dirixe a un Ela que ten "*fitar de sombra*" e só lle achega "*dura friaxe, frouma de vareo*" de xeito que se nos vai amosar cada vez máis vencido pola Morte.

O terceiro apartado, "*Tempo de liturxia*" (1977-1982), nútrese basicamente de *Liturxia do corpo* que supón unha volta de torniqueta do autor na súa poética pois, en palabras de Rodríguez Fer, "*a existencia da erótica revélase neste ciclo como erótica da existencia*". Trátase de saír desa noite escura que sufría o ser antano para renacer á vida. A luz vaise coando entre as tebras e así o eu "*cando se viu que estaba soio/ cos seus olvidos, e ó fin dono / do Tempo seu para soñar*" comeza a mirar fóra de si mesmo para decatarse de que debe abandonar á *dama da noite* para comezar a disfrutar da *dona da luz* que ten axóuxeres no seu corpo e non "*mans de sombra*". Así, o corazón alenta outravolta na noite renacida e busca aferrarse á esperanza que supón ver de novo a luz por máis que este renacemento sexa breve e deveña finalmente noutra escura noite onde uns "*negros pasos lonxe*" se van achegando como un funesto destino para o ser.

E así entramos na última sección do volume, "*Tempo de degaro*" (1983-1994) que abrangue os poemas máis recentes do autor publicados anteriormente en *Noite do degaro*. Agora o eu entoa un canto de vida e déixase iluminar por unha "*luz ardida de alto albor*" por máis que, sempre de fondo, siga presente, como un aquel de

señardade, a noite e a súa ameaza. Porén, nada logra embazar a positividade da nova luz e a noite é agora o reino do reiseñor, o tempo do amor cando todo é incendio, “*paixón de lapas*”. O eu identifícase cun doncel a quen “*a luz, a luz rendida/ en namoro de flor atouno preso*” e séntese feliz de estar escravizado como os grandes amantes da mitoloxía a quen recorda nalgúns poemas. Neste momento, tamén o verso se adelgaza, adopta formas neotrobadorescas e se reiteran os campos semánticos da alba e a luz pois todo é un ansia de vida, un movemento ascendente cara ó gozo.

Do tempo posuído complétase con dúas seccións que actúan a modo de pórtico (“Poéticas”) e colofón (“Cabo”). A primeira delas está conformada por un monllo de textos metapoéticos que xurdiron en diferentes momentos creativos entre 1967 e 1982. A través da súa lectura podemos asistir á evolución na concepción da escrita que amosa o propio creador e que vai desde o “*canto coral*” onde se converte en voceiro de todos, nos primeiros tempos, ata a constatación do exilio interior e a desposesión de todo, mesmo dun canto que logo se recuperará. Porén esta é unha “*palabra de silencio*”, liturxia dun corpo esmorecido polas feridas que a vida lle foi inflinxindo. Pola contra, os dous textos que pechan o volume, amosan un carácter moi diferenciado. Así, o primeiro é un poema coral onde varias voces -entre as que se identifican as da *dama da nebra*, a do *poeta*, a do *coro* e varias outras sen nome- establecen un diálogo onde se van repasando os temas esenciais da poética de López-Casanova: a soidade, a escuridade, o amor, a señardade e, sobre todo, o canto pois, como sinala unha das voces, o poeta “*Cantou o corazón do degaro,/ un ansia.// Cantou o corazón deloírado, / luzada.// Cantou o corazón e no alto, / ¡ai, Sono/ do Amor que sempre soñaba!*”. O derradeiro texto, “Onde se pecha a palabra”, resulta ser un soneto que dialoga co poema inicial deste volume (“Onde a razón do canto”) pois, se o libro se abre cunha entrega explícita por parte do autor do canto propio, agora séntese a necesidade de “*recoller o pranto, a compartida/ palabra que vos dín ata o de agora*”. É esta unha despedida que nos sume no silencio consciente de quen cala malia sentir que a vida aínda aporta motivos para falar. De novo, reafírmase o eu no desexo da volta -“*a ti quero volver, nunca esquecida / patria da soidá que en min aflora*”- sendo dono unicamente dun corazón que será testemuña do seu vivir atormentado.

Eis o legado que nos ofrece Arcadio López-Casanova reunindo os seus poemas en *Do tempo posuído*, volume que podería ser un dos últimos publicados por Espiral Maior xa que, se non mudan as circunstancias, desaparecerá a máis importante editora de poesía da nosa historia. Oxalá que isto non aconteza pois, en palabras de López-Casanova, só así “*todos os camiños desta patria miña / saberán para sempre dun cantar libre e puro*”, traerán aire de canto ata nós.

TERESA SEARA